

No Peirao



febreiro
2008

VOCEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE RIBEIRA

O BNG logra unha nova escola infantil e o PP rexéitaa

Ribeira *perderá* un investimento de **500.000 euros**



Ana Álvarez e Dominga Brión coa Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta, Carme Adán

RIBEIRA PODERÍA TER OUTRA ESCOLA INFANTIL

Así o confirmou Carme Adán, directora xeral de Igualdade. As "condicións" de Vicepresidencia son que o Concello se adhira ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, ceda os terreos e achegue o 20% do financiamento. Así pois, a concelleira do BNG Ana Álvarez, presentou no Pleno unha moción para que o goberno dese estes sinxelos pasos para ofrecer á cidadanía unha segunda escola infantil municipal. Para sorpresa de todos o alcalde responde que "Ribeira non precisa doutra escola infantil porque non hai demanda". Resulta ofensivo que se diga isto cando hai máis de 1.000 nenos e nenas

en idade 0-3 anos e só hai 100 prazas na única gardaría municipal.

Xa son máis de 200 os concellos integrados no Consorcio –moitos do PP. Cal é a razón de que o goberno se negue a xestionar este importante servizo público cun investimento de medio millón de euros e que permitiría a moitas mulleres e homes levar mellor a súa vida familiar e laboral? O PP pretende, torpemente, alimentar a súa mentireira teima de que "a Xunta non fai nada en Ribeira"; non pode consentir que este importante logro anule a súa teoría vitimista aínda que sexa a costa de sacrificar á cidadanía: non favorece a estratexia do PP nas vindeiras eleccións. •

O PP oponse ao local de ensaio

RENUNCIAR A 120.000€ Só de inexplicábel se pode considerar a actitude do goberno municipal ao votar en contra da moción do BNG para incluír a Ribeira na rede de locais *Nsaio* que, de proporcionar o concello un espazo, acondicionaría de balde a Dirección Xeral de Xuventude da Vicepresidencia da Xunta de Galiza. • > PÁXINA 5

O novo polígono aínda máis cerca

NECESIDADE URGENTE A Consellaría de Vivenda e Solo, que dirixe a nacionalista Tereixa Táboas, adxudicou xa o Proxecto de Execución do Plan de Urbanización do Polígono Industrial Comarcal de Ribeira-A Pobra. No orzamento da Consellaría para 2008 contéplase a partida para estes traballos. Ao tempo, procederá á merca dos terreos para axilizar o comezo da obra. A Conselleira estará pronto en Ribeira para dar conta da marcha deste macropolígono industrial. •



Tereixa Táboas recibiu a Dominga Brión



contigo, Galiza decide
bng

MITIN CENTRAL

Domingo, 2 de marzo, 19:00 h
Lonxa Municipal de Ribeira

A urbanización da Lagoiña, novo exemplo do *urbanismo do PP*

OBRA DESMESURADA O BNG vén de solicitar a total paralización das obras da urbanización da Lagoiña, Palmeira, para comprobar que se adaptan á normativa.



O BNG foi o único grupo político que solicitou a paralización das obras no Concello

Dende o BNG temos denunciado en multitude de ocasións a nefasta xestión do goberno municipal en materia de urbanismo e tamén a dotación de medios materiais e humanos para o Departamento de Urbanismo.

Ribeira conta hoxe cun Plan Xeral de Ordenación Municipal –PXOM– que, pese ás súas deficiencias e ás demandas do Bloque, segue sen se adaptar á Lei do Solo. O prazo rematou en xaneiro de 2006.

A Xunta de Goberno Local en funcións, o de 16 de maio do 2007, concedeu unha licenza para a construción dunha urbanización de 90 vivendas –15 bloques–, en Palmeira, no lugar da Lagoiña. Estas obras desataron malestar da cidadanía e as súas denuncias polo impacto que vai causar na contorna. A Xunta de Goberno Local concedeu esta licenza a pesar de que no informe técnico constaba que o proxecto levaba un exceso de edificabilidade de 522 m², que tiña que ser corrixa no proxecto de execución. O documento nunca foi entregado no Concello.

Cómpre ademais sinalar que unha parte do solo onde se pretende construír está cualificado como urbano e outra como rústico, e que este último, segundo a Lei do Solo, non se computa para os efectos de edificabilidade. Analizando polo miúdo o proxecto comprobamos que si se

fixo. De non computarse o exceso de edificabilidade é moito maior, duns 891 m²; e o exceso de ocupación de 343 m².

Consideramos necesario que os servizos técnicos revisen a licenza desta urbanización da Lagoiña. O BNG pediu ademais que o goberno comprobe que a urbanización de 30 vivendas –5 bloques–, que se está a construír en Mondelo, tamén en Palmeira, se axusta á licenza concedida polo goberno municipal.

O PXOM non será un instrumento eficaz por si só se o equipo de goberno non pon en práctica medidas de control que verifiquen, por exemplo, que as obras se axusten ás licenzas outorgadas. De non ser así produciranse graves incumprimentos e agravios comparativos. •



Urbanización de Mondelo (Palmeira)

BREVES, MAIS IMPORTANTES

Regulación do Tráfico no **Vilar**

Pese á negativa inicial do PP á moción que Xosé Luís Groveiro defendeu en nome do BNG, na que se instaba ao grupo de goberno a acometer a xestión da regulación do tráfico no perigoso cruce do Vilar, finalmente a proposta foi aprobada e o goberno municipal comprometeuse a “realizar as xestións oportunas diante das administracións competentes para “levar a cabo, coa maior brevidade posible, unha actuación integral que mellore a seguridade viaria no cruce do Vilar (Carreira)”. •

O **PP** non quere arranxar **A Graña**

Unha proposta para acometer unha actuación integral na Graña foi rexeitada polo PP. Preto de 200 veciños e veciñas da Graña soportan a diario o tráfico dun núcleo urbano, mais carecen de beirarrúas e saneamento. Na proposta presentada por Ánxeles G. Cruxeiras demandábase: “que por parte do goberno municipal se realice de maneira urxente unha actuación integral que supoña a dotación de saneamento a todo o lugar, o remate das beirarrúas e a colocación dos colectores de lixo necesarios”. •

TV: **sen cobertura!**

O BNG presentou unha iniciativa pola que solicita a realización dun estudo técnico de cobertura da TDT no Concello. O estudo determinaríase as necesidades de equipamentos para proporcionar cobertura a todos os núcleos de poboación do noso concello. Lembremos que a recepción é moi deficiente en Oleiros, Artes, nalgúns lugares de Olveira e en partes do centro urbano de Ribeira. O BNG xa reclamara en maio de 2005 –e fora aprobado por unanimidade– a mellora da cobertura do sinal de TV. A veciñanza dos lugares afectados segue na mesma situación. Nesta iniciativa tamén pedimos que o goberno municipal xestione ou proceda á instalación dos equipamentos precisos que o estudo técnico determine para proporcionar cobertura a todos os lugares do concello. •



O **BNG axiliza** a posta en marcha do **campo de fútbol** de herba artificial na **Fieiteira**

As novas instalacións levaban **anos en vía morta**

As novas instalacións deportivas da Fieiteira, campo de herba artificial e novo vaso da piscina, estiveron máis dun ano paradas sen que fo-



Responsábeis do BNG visitaron o campo

sen entregadas á cidadanía por culpa do goberno local que se desinteresou pola posta en marcha destas instalacións. Tivo que ser o grupo municipal do BNG de Ribeira quen tivo que facer as xestións oportunas ante a Consellaría de Industria e a Deputación da Coruña para que o concello de Ribeira puidese recibir esta instalación deportiva tan demandada por varios clubs do concello.

Un exemplo claro da deixadez do goberno do Partido Popular é a incapacidade que teñen para resolver problemas referidos á vella piscina que veñen dende 1989 e que impiden que poidamos gozar do novo vaso da piscina.

En relación co campo de herba artificial dende o BNG tamén demandamos a construción do peche perimetral e o acondicionamento do alumeado. •



Os nosos **Parques infantís** non están a cumprir as normas de **seguridade**

Se botamos unha ollada aos parques infantís do noso municipio, advertimos que os elementos de xogo presentan moitas deficiencias: risco de ficar atrapados, enferruxamento de elementos metálicos, arestas e saíntes afiados, ancoraxes deficientes... Ademais disto, na maioría das instalacións as superficies de amortecemento de impactos, que deberan protexer aos nenos e ás nenas no caso de caídas, non existen. A concelleira do BNG, Ana Álvarez, solicitoulle ao goberno municipal que realice a obrigatoria inspección e revisión por técnicos competentes e adecúe todos os parques á normativa vixente, que arranxe as deficiencias sinaladas, que se substitúa a area do chan por superficies flotantes de caucho ou outro material que amorteza as caídas e que impida a formación de pozas de auga, que se incorporen indicacións e sinalizacións para previr accidentes e que se facilite o acceso de menores e persoas con discapacidade, integrando xogos adaptados para estes menores. Tamén demandamos que se habiliten circuitos independentes para xogos de velocidade –bicicletas, patinetes e similares– e pistas multideportivas –baloncesto, fútbol... •

Un decreto de abril do ano 2003 establece a obrigatoriedade dos concellos a adaptar a normativa nun prazo máximo de cinco anos. Este prazo xa venceu e unha vez máis o goberno do PP, na deixadez das súas funcións, permite que os nosos nenos e nenas xoguen en zonas que non cumpren as mínimas condicións de seguridade e hixiénico-sanitarias. •

Iniciativas do BNG para **informar** á cidadanía

Propoñemos a creación dun regulamento de **participación cidadá** e a instalación de paneis informativos nas parroquias

O Bloque Nacionalista Galego, a través do concelleiro Luís Teira, presentou unha moción na que se instaba á elaboración dun regulamento de participación cidadá. Consistiría nunha normativa que, entre outras moitas cousas, garantiría a participación da veciñanza nos plenos, a posibilidade de ter unhas partidas orzamentarias para que as asociacións das parroquias decidan onde investir, etc. Sen dúbida, sería darlle voz á cidadanía, algo que sempre reclama o BNG nos seus programas electorais. Mais lamentablemente, o PP opúxose a esta medida de participación directa.

O grupo municipal do BNG tamén presentou unha iniciativa sobre a instalación de paneis informativos que se nos ten demandado moitas veces, sobre todo dende as parroquias. Estes paneis, situados en zonas visíbeis e accesíbeis, permitirían unha mellor achega da información a eses lugares. Temos aquí que denunciar unha vez máis o escurantismo e falla de transparencia coa que o PP exerce o seu



goberno: as actas da Xunta de Goberno Municipal, que por lei se deben publicar aos 10 días de celebradas, seguen cun retardado de case un ano, é dicir, este goberno leva un ano tomando decisións que aínda “ninguén” coñece, só eles mesmos.

O goberno do PP non ten reparo en violar a principal condición dunha democracia: a transparencia na xestión. •

O BNG demanda *espazos* para **as mascotas**

O Partido Popular *rexeita a medida* ‘por non ser prioritaria’



O alcalde desencadeou a polémica ao prohibir a presenza, estancia e circulación de cans e outros animais en todas as praias do municipio dende maio a setembro. O bando, ademais, foi acompañado da colocación de sinalización para prohibir o paso de animais de compañía nalgunhas rúas de Ribeira, medidas que non foron acompañadas dunha dotación e acondicionamento de medios e espazos alternativos.

Demandamos do goberno municipal que cumpra a normativa vixente e determine os espazos a onde os donos das mascotas as poden levar para que se espaxen, e mesmo realicen as súas ne-

cesidades fisiolóxicas nas debidas condicións de hixiene. O goberno municipal debera sinalizar estes espazos e mesmo dotalos de expendedores de bolsas e luvas para a recollida dos refugallos.

A canceira municipal

Por outra banda, tamén reclamamos a posta en funcionamento da canceira municipal que xa está rematada desde hai meses e presenta serios danos por mor do estado de abandono no que se atopa. Non é de recibo que este goberno municipal, malxestionado polo PP, gaste 200.000 euros de fondos públicos para logo non facer nada. •

Transporte ao Vilar por Gude: o concello *debe cumprir*

No Pleno do 26 de febreiro de 2007 aprobouse por unanimidade unha moción do BNG na que o goberno municipal se comprometía a realizar “as xestións oportunas para establecer coa maior brevidade posíbel unha liña de transporte que enlace Ribeira cos lugares de Gude e O Vilar, cun número de servizos en función da demanda e das necesidades da poboación”. Na atendita moción xa se

aludía á importancia para os veciños e as veciñas residentes no noso concello, así como dos moitos visitantes que se achegan ao Parque Natural, de dispoñer deste servizo de transporte. Por iso solicitamos: que o goberno municipal dea cumprimento á moción aprobada no Pleno de 26 de febreiro para establecer unha liña de transporte que enlace o núcleo urbano de Ribeira co Vilar por Gude. •

Ribeira no Parlamento

PALMEIRA E OS AREEIROS Por iniciativa do BNG de Ribeira, a deputada Ana Pontón e o deputado Bieito Lobeira interesáronse, unha vez máis, no Parlamento galego polo deslinde de costas dos Areeiros e Palmeira. Solicitaron a comparecencia do director xeral de Urbanismo para que informe dos pasos dados diante da Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, quen ten a competencia no dominio público marítimo-terrestre, “se ben Galiza conta con competencias exclusivas—e excluíntes—en materia de urbanismo que, evidentemente, hai que exercer”, apuntan.

Indican na súa iniciativa que se trata de “lle facer fronte ao informe da Consellaría de Pesca do 9 de setembro de 2002, cando era titular López Veiga, que non lle recoñecía ao núcleo dos Areeiros como “solo urbano de núcleo rural”, condenando a moitas vivendas, a unha situación de ilegalidade.” Os deputados lembran que “o 22 de setembro de 2006 a Dirección Xeral de Urbanismo da Consellaría de Política Territorial, comprométacunha representación veciñal dos Areeiros a adoptar unha solución similar á posta en marcha nos núcleos do litoral de Marín.” O certo é que até agora a Dirección Xeral de Urbanismo, xestionada polo PSOE, non dou resposta a este tema. Dende o BNG de Ribeira agardamos que o precedente de Marín serva para acadar a solución ansiada pola cidadanía. •

TRANSPORTE ESCOLAR PARA ARTES

En dúas ocasións Ana Pontón reclamou o cumprimento do compromiso adquirido pola Consellaría de Educación de dar cumprimento ás demandas veciñais. A Consellaría afirma que a solución está pendente da empresa de transporte. Nós lembramos que a responsabilidade do transporte escolar é da Consellaría e que, xa que logo, dela depende que o acordo chegue o antes posíbel. •

ESCOLA DE IDIOMAS COMARCAL EN RIBEIRA

A Consellaría de Educación eliminou o primeiro ciclo de inglés que se impartía no IES N° 1 de Ribeira como centro adscrito á Escola de Idiomas da Coruña. Os deputados do BNG Manuel Parga e Ana Pontón preguntan á Consellaría as razóns desta supresión. Tamén preguntan se existe algunha planificación para crear unha escola de idiomas na comarca que desde o BNG consideramos necesaria. •

O BNG logra a **conservación da pedra** das **rúas históricas** de **Carreira**

A concelleira do BNG Ánxeles G. Cruxeiras, esixiu ao goberno municipal que conserve as lousas de pedra nas rúas do casco vello de Carreira. Unha vez comezadas as obras para a recuperación da rúa que vai a Parte ó Río dende o cruzamento da Muiñeira, a capa de cemento levantada sacou á luz os antigos perpiaños de granito, moi ben conservados. A concelleira pediu que non se cubran con chapado de pedra para así recuperar a beleza rueira que un día nos foi roubada e pediu a modificación do proxecto do goberno do Partido Popular. •



O PP non quere **locais de ensaio**



O Director Xeral de Xuventude, Rubén Cela, deu conta da situación aos músicos de Ribeira

MÚSICA, POR FAVOR O BNG de Ribeira fixo as xestións oportunas diante da Dirección Xeral de Xuventude para conseguir uns locais de ensaio para os nosos grupos de música. A proposta consistía en adherirse á rede de locais "Nsaio" que está funcionando en toda Galiza. Formar parte desta rede implicaría ter instalacións de ensaio de última xeración, contar cun estudo de gravación, promoción dos grupos que aí ensaiasen e ter unha subvención anual para a súa mellora e mantemento.

O noso concello só tería que achegar un espazo para poder acondicionar estes locais. A xestión feita foi levada a pleno

polo concelleiro do BNG Luís Teira. Inexplicabelmente o goberno de Torres Colemer votou en contra, decíndolle así que non a preto de 120.000 euros de investimento que repercutirían en mellorar as condicións de ensaio dos nosos moitos e bos grupos musicais. •



Cheiros e Vertidos: **hai solución**

O Pleno do Concello aprobou unha moción do BNG instando a actuar sobre este importante problema que padece desde hai moitos anos a cidadanía da contorna de Xarás e Outeiro, en Artes, e de Couso, Aguiño, A Graña e Carreira, provocada pola actividade dalgunhas empresas. Segundo o primeiro punto aprobado na moción, o goberno comprométese a "levar a cabo as determinacións precisas para localizar a exacta orixe dos cheiros na zona de Xarás, Outeiro e arredores, así como en Couso, A Graña e Carreira e propondrá aos causantes as medidas correctoras pertinentes para a supresión ou



Os continuos vertidos tamén ocasionan a mortandade da ameixa

minimización das molestias ocasionadas nos arredores."

Isto supón un paso adiante para a solución do problema, pois do cumprimento deste acordo por parte do goberno municipal dependerá que, en breve, rematen os cheiros de Artes e Aguiño e Carreira.

A moción incluía tamén un segundo punto reclamando a realización dun estudo para solucionar os cheiros do centro urbano, sobre todo nas rúas Rosalía Castro, X. Franco e García Bayón. Este punto foi rexeitado dun xeito incomprensíbel, pois só un estudo técnico

moi rigoroso pode asegurar cales son as causas que orixinan este grave problema e o xeito de poñerlle fin dunha vez. •

O BNG pide *cambios importantes* no **Plano Acuícola** da consellaría de Pesca

A piscifactoría de **308.000 metros** prevista para Corrubedo debe ser *suprimida do plano*

O BNG de Ribeira, como máis de mil persoas e colectivos, presentou alegacións contra o Plano acuícola presentado pola Consellaría de Pesca da Xunta de Galiza. Nelas alegamos que, nomeadamente no que se refire ao concello de Ribeira, non van xerar riqueza na zona nin supoñen un auténtico interese público nin unha evidente mellora ambiental. Por estas razóns non cabe considerar o Plano como de interese supramunicipal, o que permitiría a expropiación dos terreos. Moi ao contrario, o impacto previsto cunha ocupación, por exemplo, na Laxe Brava (O Corgo), de máis de trescentos mil metros, suporía ao noso entender un dano brutal e irreversible sobre os espazos protexidos de Corrubedo e, xa que logo, sobre a máis sobranceira das nosas paisaxes e o máis coñecido dos nosos atractivos turísticos, unha zona que por forza debe ter valiosas capacidades produtivas.

O BNG esixe que, antes de ser aprobado, o Plano acuícola inclúa unha serie de cambios que minimicen o impacto que tal como foi presentado provocarían as



plantas acuícolas, entre outras: a supresión do parque nº 9 de Laxe Brava, non ampliar a superficie nos de Seráns e Couso e a depuración total dos vertidos. Agardamos da Consellaría de Pesca, responsable directa do documento presentado e

do que finalmente se aprobe, un mínimo de sensibilidade democrática para atender as demandas dun importante sector da sociedade manifestado tanto nas múltiples alegacións presentadas como nas protestas que o Plano está xerando. •

A xestión do BNG en **Industria** destina case **tres millóns de euros** para **Ribeira**

A maiores, destinou **un millón e medio de euros** para acometer a cablaxe de R

Catro mil usuarios de Ribeira terán acceso a internet por fibra óptica en breve prazo. Este investimento suporá un importante avance nas comunicacións do noso concello e permitirá a particulares e empresas dispoñer dos máis avanzados servizos en materia de novas tecnoloxías da comunicación. A achega económica da Dirección Xeral para a Promoción da Sociedade da Información e das Tecnoloxías da Comunicación foi imprescindible. Desde o Bloque Nacionalista Galego seguiremos a traballar na perspectiva de que este servizo se estenda o máis posíbel.

Máis investimentos

A Consellaría de Industria, que dirixe o nacionalista Fernando Blanco, vai investir un total de 2.768.615 euros no Concello de Ribeira. Entre os investimentos máis salientábeis que recibiremos hai que mencionar as partidas des-

tinadas ás comunicacións, ao mercado de Palmeira e á investigación. Nestas partidas podemos destacar un Plan de extensión da banda longa, que levará engadidos 218.380 €.

Do mesmo xeito, acometerase a construción do Mercado municipal de Palmeira cunha primeira partida orzamentaria de 120.000 € e a gasificación –convenio III fase– do Polígono Industrial de Xarás, en Artes, cun investimento de 1.149.000 €.

À Plataforma Tecnolóxica de Acuicultura e ao Centro Tecnolóxico de Acuicultura destínanse tamén importantes partidas, de 200.000 € e 1.000.000 € respectivamente, e ás liñas eléctricas e centro de transformación de Coroso 81.235 €. A estas importantes cantidades hai que engadirle o Plan de dinamización turística Arousa Norte –concellos de Boiro, A Pobra, Rianxo e Ribeira–, ao que a Consellaría achega da orde de 300.000 €.



Domingo Brión co conselleiro de Industria

Edar: as **demandas veciñais**, levadas a pleno polo **BNG**, acadaron o *respaldo unánime*

Para o Bloque é **fundamental** depurar separadamente as *augas residuais de Xarás*

A proposta presentada polo BNG para solucionar os problemas de depuración é, sen dúbida, tecnicamente posíbel e demanda que se elabore o Estudo de Impacto Ambiental, a depuración específica para o polígono de Xarás, que –en todo caso– o emisario se prolongue a augas máis profundas e que a intensidade de uso se acompañe de medidas compensatorias.

Foi en xaneiro de 2006 cando o goberno do PP recibiu da Consellería de Medio Ambiente a solicitude de terreos para a construción dunha depuradora. O Goberno Municipal, na comisión do día 9 de febreiro de 2006, sinalou o lugar da Pinisqueira. Gardouse absoluto silencio até que, pasadas as eleccións municipais, en maio de 2007 saíu o anteproxecto de depuradora publicado no DOG. Foi entón o BNG quen convocou unha xuntanza informativa cos veciños e veciñas de Aguiño, e foi aí onde comezou o movemento de oposición á actual proposta de EDAR. No Pleno do 30 de Xullo o BNG, de acordo coas demandas veciñais, presentou a súa moción alternativa á proposta da Consellería, que foi aprobada por todos os grupos malia que con evidentes contradicións nalgúns deles. Na xuntanza cos representantes dos grupos políticos de Ribeira o Conselleiro se amosou moi reticente a introducir cambios na súa proposta –agás no emprazamento.

Desde o BNG pensamos que a proposta inicialmente acordada polo Grupo de Goberno e a Consellería non é a mellor para Ribeira e por iso defendemos



que se teña en conta a aprobada por unanimidade no Pleno. Se tanto a veciñanza como todos os Grupos Municipais foron quen de chegar a este acordo de mínimos, non se entenderían agora posicionamentos de enfrontamento e mesmo ameazantes, fundamentalmente a través da prensa, que só poden traer problemas para toda a sociedade ribeirense. Máxime cando o propio Conselleiro de Medio Ambiente, o socialista Manuel Vázquez, se comprometeu a estudar o tema e dar unha resposta nunha xuntanza que se ía celebrar na primeira quincena de setembro.

Queremos facer un chamamento para que o Goberno Municipal e Consellería

de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel cheguen por fin a un entendemento e que, deste xeito, Ribeira poida contar canto antes coa mellor depuración posíbel para as súas augas residuais, pois disto depende en gran medida a saúde dos nosos espazos naturais e dos recursos marisqueiros e pesqueiros. O que non parece de recibo é que a carga contaminante procedente de Xarás vaia supoñer o 50% das augas residuais que se prevé tratar na dita EDAR.

Temos pois o dereito a esixir as máximas garantías nunha cuestión que determinará en grande medida a calidade de vida do noso futuro próximo. •

O **xulgado** reclama ao Concello un informe da **iluminación** pública

ALUMEADO PÚBLICO Un ano despois de que unha descarga eléctrica provocase a morte dun mozo de Corrubedo, o xulgado reclamoulle ao Concello de Ribeira un informe exhaustivo da iluminación pública. Isto venlle dar a razón ao BNG, que xa lle solicitara ao goberno municipal que abriera unha investigación interna para esclarecer dunha vez por todas as causas deste tráxico suceso.

Por outra banda, o BNG reclamou as medidas oportunas para que feitos coma estes non volvan acontecer. •

Orzamentos do Estado para **Couso** e **Corrubedo**



Dentro da cifra histórica dos 2.042 millóns de euros que os orzamentos do Estado recollen para Galiza, nos que o BNG fixo unha xestión incansábel, inclúense, entre outras actuacións, 300.000 euros para a recuperación do bordo litoral entre Couso e Corrubedo e da illa de Sálvora, moi danados no seu día polo *Prestige*. Tamén hai que contar os 8,5 millóns de euros que se destinan para a adquisición da Illa de Sálvora, vella reivindicación do BNG de Ribeira, que por fin pasou á titularidade pública. •

"As sardíñas volverían se os gobernos quixesen" (Castelao)



DOMINGA BRIÓN NA CANDIDATURA AO CONGRESO

A voceira do BNG de Ribeira, Dominga Brión, figura no número catro das listas que presentamos para as vindeiras eleccións ás Cortes do Estado de marzo e que encabeza na circunscrición da Coruña Francisco Jorquera. Deste xeito, o Bloque Nacionalista Galego aposta pola experiencia da nosa voceira no litoral coruñés. Esta inclusión supón tamén un claro recoñecemento do Bloque Nacionalista Galego á figura e traballo de Dominga Brión, nomeadamente despois do importante respaldo obtido nas pasadas eleccións municipais. •



Dentro de ben pouco teremos ocasión de escoller aos homes e mulleres que queremos que nos vaian representar no Parlamento do Estado. Aínda que pareza que iso nos queda moi afastado, moi lonxe, realmente alí tómanse decisións que afectan moi directamente as nosas vidas. A mellora das nosas infraestruturas, o deslinde de costas nos Areiros e Palmeira Norte, a potencia dos motores das nosas embarcacións, as tarifas eléctricas ou mesmo a posibilidade de que a nosa xente do mar poida votar, entre outras moitas, son decisións que se toman por nós en Madrid.

É prioritario, polo tanto, ter alí a quen nos represente, a quen poña enriba da mesa todos os problemas deste país. A alguén sen ataduras, que antepoña os intereses de Galiza ás directrices que lle marcan dende Madrid. E alí estiveron o deputado, a deputada e o senador do Bloque Nacionalista Galego facendo un impresionante traballo. O noso voceiro, Francisco Rodríguez, tivo un extraordinario número de comparecencias, a moita distancia do resto de cabezas de lista da circunscrición da Coruña. O seu labor foi decisivo para que os investimentos en infraestruturas do Estado en Galiza foran superiores ao 8%. En total máis de 2 mil millóns de euros, entre os que están 2,6 millóns de euros en partidas concretas para esta comarca para o 2008. Tamén hai que lembrar, por exemplo, a actuación do BNG na recuperación da Illa de Sálvora para o patrimonio público.

Convidovos, dende aquí, a apoiar ao Bloque Nacionalista Galego nesta nova cita electoral porque é unha aposta dobremente segura. Por unha banda é a única garantía de que Galiza teña voz propia e os seus intereses sexan atendidos. Pola outra, é unha garantía de impulso ás políticas sociais e de afondamento democrático.

Agardamos, pois, ser premiados novamente coa confianza que obtivemos nas pasadas eleccións municipais. Unha maior representación do Bloque Nacionalista Galego en Madrid tamén nos permitirá desenvolver dende o Grupo Municipal un traballo máis eficaz na procura dunha mellor calidade de vida para toda a cidadanía. •

E NESTES MESES... TAMÉN DEMANDAMOS NO CONCELLO...

NoiteBús

O BNG demanda do grupo de goberno municipal a creación dunha liña circular de autobús que dea servizo ás nove parroquias do concello. Tamén pedimos que se solicite a liña Ribeira-Noia e que se manteña a de Ribeira-Padrón.

SEPARAR PLUVIAIS E FECAIS EN AGUIÑO Nomeadamente nas rúas Castelao e Carreiro, onde os continuos asolagamentos que teñen provocado innumerábeis problemas aos veciños e ás veciñas, esixen urxentes solucións.

ENFONDEVILA Solicitamos doutra volta unha actuación integral neste barrio. Entre outras cousas, plantexamos o arranxo da rúa da Habana, a canalización de pluviais, o pavimentado das rúas e a dotación de espazos de lecer.

SOTERRAMENTO DE TENDIDOS ELÉCTRICOS O BNG logra un acordo plenario polo que o Goberno Municipal se compromete a xestionar coas empresas implicadas a paulatina retirada dos postes de tendido eléctrico e telefónico que, ademais dun pésimo efecto estético, supoñen un auténtico perigo para o movemento rodado e peonil.

FONDO DE EMERXENCIA PARA MULLERES Co gallo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero solicitamos a creación dun fondo de emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero e que carezan de recursos.

UNHA ACTUACIÓN INTEGRAL NAS BARROSAS Solicitamos a dotación de auga e saneamento en Toxeira de Antromatos e As Barrosas (Carreira) así como a canalización de pluviais necesaria para evitar asolagamentos.

A xestión do BNG en números

OS CARTOS QUE PERDEU RIBEIRA POR CULPA DO PP O goberno do PP non quere que a Xunta de Galiza faga investimentos no noso concello. Foron moitas as xestións que fixo o grupo municipal do BNG ante distintos organismos da Xunta para que en Ribeira contemos con máis e mellores servizos. Xestións estas que levamos a pleno para que logo do acordo pertinente as solicitase formalmente o goberno local. Semella que Torres Colomer non quere os cartos da Xunta. Unha mágoa para a cidadanía, xa que estas eran cousas conseguidas:

DATA	CONCEPTO	CARTOS QUE PERDE RIBEIRA
Xuño 2007	Convenio coa Consellaría de Medio Rural para a limpeza de montes	-36.000 €
Novembro 2007	Locais de ensaio a través da Dirección Xeral de Xuventude	-120.000 €
Novembro 2007	Escola Infantil, da Secretaría Xeral de Igualdade	(aprox.) -500.000 €
Febreiro 2007	Camiños en Carreira (Medio Rural)	-30.000 €
TOTAL		-686.000 €

Blog de Domi
A información + actual
www.bng-galiza.org/domi